



**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O 2023, DA LIÑA 4 DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE OÍMBRA: Axudas Para A Adquisición De Libros E Material Escolar, Para O Curso 2023-2024**

**1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Esta convocatoria ten por finalidade a concesión de subvencións a familias empadroadas no Concello de Oímbra do alumnado do centro de Educación Infantil e Primaria de Oímbra e centros de ESO da comarca para o curso 2023-2024.

**2. BENEFICIARIOS**

As familias dos/as alumnos/as que estean matriculados/as no curso 2023-2024, nos niveis de:

- Educación Infantil (segunda etapa).
- Educación Primaria.
- ESO

**3. REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

As axudas poderán ser solicitadas polas familias dos/as alumnos/as que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar un dos membros da unidade familiar (pai, nai ou titor/a ou persoa adxudicataria en sistemas de acollemento familiar) xuntoco alumno/a en cuestión empadroados no Concello de Oímbra, no momento actual.
2. Estar matriculado/a nos niveis de:
  - Infantil e Primaria, no CEIP de Oímbra.
  - ESO dos centros da comarca.
3. Os/as beneficiarios/as deben comunicarlle ao concello a obtención doutras axudas para a mesma finalidade.
4. Estar ao corrente no pagamento de todos os tributos e taxas municipais.
5. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**4. FINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA**





A concesión de axudas reguladas nesta orde será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 326.48 do exercicio 2023, que conta cun orzamento de 4.000,00 €

## 5. CONTÍA E LÍMITES

As axudas municipais escolares son compatibles con calquera outra axuda, para a mesma finalidade, de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicar as axudas percibidas, e sempre e cando o importe das axudas percibidas non supere o 100% do gasto en libros ou material escolar, realizado.

Os beneficiarios poderán recibir como máximo as seguintes contías, en función das solicitudes presentadas e ata esgotar o crédito orzamentado:

- Matriculados en Educación Infantil ou Primaria (CEIP Oímbra) e matriculados en ESO ( centros da comarca).....60 € por neno/a.

## 6.SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR

1. As solicitudes presentaranse no concello nos modelos facilitados ao efecto (Anexo I).

2. As solicitudes (debidamente cubertas e asinadas) deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Certificado ou informe do centro onde os/as alumnos/as realicen estudos no que se especifique o curso onde están matriculados.
- Certificación do número de conta bancaria.
- Declaración de non incorrer en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 1 de xuño , de subvencións de Galicia, e de estar ao corrente nas obrigas fiscais co Concello de Oímbra, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Xunta de Galicia e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social. (Anexo II)

## 7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A solicitude presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Oímbra, ou en calquera das formas previstas na lei.

O prazo de presentación será dende o 11 de setembro 2023 ata o 27 de outubro 2023. Publicarase tamén no taboleiro de anuncios do Concello de Oímbra, así como napáxina web municipal.

## 8. RESOLUCIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS





A AEDL do Concello de Oímbra, de conformidade cos criterios que se determinan nas bases, fará constar expresamente que da información que consta no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A proposta de resolución conterá a relación, na que se indicarán todas as persoas solicitantes que participan na convocatoria, o alumnado, expediente, colexio, curso, coseu estado de concedido ou denegado .

- Concedidas. Indicarase a subvención individual de cada persoa beneficiaria.
- Denegadas. Farase constar algúns dos seguintes motivos:
  - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
  - Non achegan a documentación requirida.
  - Non estar empadroados/as.
    - O/a alumno/a non está matriculado/a.
    - Matriculado/a noutros centros.
    - Outros motivos.

A Xunta de Goberno, tendo en conta a proposta da AEDL, acordará a aprobación definitiva das subvencións, con cargo á aplicación orzamentaria 326.480 do orzamento do Concello do ano 2023, por uns importes máximos de 4.000,00 €.

O prazo de resolución non excederá do 30 novembro 2023.

### **9 .FORMA E PRAZO DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria no número de conta que figura no formulario da solicitude, xunto coa documentación que neles se require.

O importe para xustificar non será inferior en ningún caso ao 100% do importe da subvención concedida; noutro caso, reducirase a axuda ata o importe xustificado.

O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente.

### **10 .REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS**

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **11. NORMATIVA APLICABLE**





## CONCELLO DE OÍMBRA

No previsto nestas bases estará o establecido no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Oímbra do ano 2023, así como ao establecido na: Lei estatal 38/2003 do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e na Lei galega 9/2.007, do 13 de Xuño de subvencións de Galicia.

ANEXO I

SOLICITUDE

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS	
DNI	
DOMICILIO	
TELÉFONO/S DE CONTACTO	
CORREO ELECTRÓNICO	
DATOS BANCARIOS: IBAN	

DATOS DO ALUMNO/A PARA O QUE SE SOLICITA A AXUDA	
NOME E APELIDOS	
DNI	
DOMICILIO	
DATA DE NACEMENTO	
ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2023/2024	
CENTRO DE ENSINO	
CURSO	

En Oímbra, a.....de .....de 2023

ASDO.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE OÍMBRA





**ANEXO II**

D/Dña.....  
.....DNI....., e con domicilio a efectos de notificación en .....  
.....

En relación coa axuda económica concedida polo Concello de Oímbra, destinada a financiar a adquisición de libros e material escolar para o curso 2023-2024,

DECLARO baixo a miña responsabilidade,

1º) Que non incorro en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 1 de xuño , de subvencións de Galicia .

2º) Que estou ao corrente das miñas obrigas fiscais co Concello de Oímbra, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Xunta de Galicia e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Oímbra, a .....de.....de 2023

ASDO.

